

Mércores, 13 de marzo de 2019

Núm. 51

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*EXTRACTOS DE ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA  
O DÍA 4 DE MARZO DE 2019*

*EXTRACTOS DE ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA  
EN SESIÓN EXTRAORDINARIA, EN SUBSTITUCIÓN DA ORDINARIA DE FEBREIRO, CELEBRADA  
O DÍA 4 DE MARZO DE 2019*

*Asisten:* 26 (11 PP, 10 PSdeG-PSOE, 4 BNG, 1 Grupo Mixto -Coalición Electoral SON-).

*Presidenta:* Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE).

*Deputadas e Deputados:* Dona María Isaura Abelairas Rodríguez (PSdeG-PSOE), Don Luis Aragunde Aragunde (PP), Don Javier Bas Corugeira (PP), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Dona Consuelo Besada Lores (PSdeG-PSOE), Dona Belén Cachafeiro Anta (PP), Don Jorge Canda Martínez (PP), Don Francisco Javier Dios Pomares (PSdeG-PSOE), Don José Fervenza Costas (PP), Don Juan Antonio González Pérez (PSdeG-PSOE), Don Xosé Lois Jácome Enríquez (Grupo Mixto-Coalición Electoral SON), Don Xosé Leal Fariña (BNG), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Dona María Montserrat Magallanes Álvarez (PSdeG-PSOE), Don Ángel Moldes Martínez (PP), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona Elena Muñoz Fonteriz (PP), Dona María Salomé Peña Muñiz (PP), Dona Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), Don Ángel Rivas González (PSdeG-PSOE), Don Santiago Rodríguez Davila (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Ramiro Varela Peón (PP), Dona María Belén Villar González (PP) e Dona Eva María Villaverde Pego (BNG).

*Secretario:* Don Carlos Cuadrado Romay.

*Interventor:* Don Antonio Graña Gómez.

*Non asiste:* Don José Manuel Figueroa Vila (PP).

En relación coa orde do día adóptanse os seguintes acordos:

1.—Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria do día 31 de xaneiro de 2019.

##### *a) Parte resolutiva*

2.—Acórdase por maioría, cos votos a favor do PP, do PSdeG-PSOE e do BNG e coa abstención do Grupo Mixto (Coalición Electoral SON) aprobar a modificación da relación de postos de traballo de persoal funcionario adscrito ó Museo Provincial.



Mércores, 13 de marzo de 2019

Núm. 51

3.—Acórdase, por unanimidade, aprobar a delegación de competencias do Concello de Meaño na Deputación de Pontevedra-ORAL para desenvolver as facultades de recadación das multas de tráfico.

4.—Acórdase, por unanimidade, aprobar a delegación de competencias do Concello de Vilaboa na Deputación de Pontevedra-ORAL para desenvolver as facultades de recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público pendentes de cobro.

5.—Acórdase, por unanimidade, aprobar a delegación de competencias do Concello de Catoira na Deputación de Pontevedra-ORAL para desenvolver as facultades de recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público pendentes de cobro.

6.—Acórdase, por unanimidade, aprobar a delegación de competencias do Concello de A Lama na Deputación de Pontevedra-ORAL para desenvolver as facultades de inspección da liquidación do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

7.—Acórdase por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP e do Grupo Mixto (Coalición Electoral SON), aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e actuacións nas zonas de influencia das estradas provinciais.

8.—Acórdase por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, cos votos en contra do PP e coa abstención do Grupo Mixto (Coalición Electoral SON) aprobar o Plan económico financeiro para o cumprimento da regra de gasto, con motivo da liquidación do orzamento consolidado de 2018.

9.—Acórdase por maioría, cos votos a favor do PP, do PSdeG-PSOE e do BNG e coa abstención do Grupo Mixto (Coalición Electoral SON), aprobar o expediente de modificación de créditos número 1/2019.

10.—Acórdase, por unanimidade, aprobar o Catálogo de Estradas da Rede Provincial da Deputación de Pontevedra.

11.—Acórdase, por unanimidade, aprobar o cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Vila de Cruces do treito antigo “Cedelle-Larazo” da EP-6405 Larazo-Duxame.

12.—Acórdase, por unanimidade, aprobar o cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Marín dun treito de 106 metros lineais da EP-1201 Marín-Penizas (Rúa Alcalde José del Río, treito situado entre a Rúa da Ponte e a Rúa Ponte Zapal).

13.—Acórdase por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE, do BNG e do Grupo Mixto (Coalición Electoral SON) e cos votos en contra do PP, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Socialista (PSdeG-PSOE), para instar á Xunta de Galicia que asuma as obras de conservación do Pazo de Lourizán.

14.—Acórdase, por unanimidade, aprobar a Moción dos Grupos Provinciais Socialista (PSdeG-PSOE) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG) para solicitar á Xunta de Galicia o inicio das xestións necesarias para a homologación da titulación da Escola de Cantería.



Mércores, 13 de marzo de 2019

Núm. 51

15.—Rexéitase, por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, cos votos a favor do PP e coa abstención do Grupo Mixto (Coalición Electoral SON) a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar á construción da variante de Ponteareas e o arranxo da N-120, ao seu paso por Ponteareas.

*b) Parte de información e control:*

16.—Queda enterado das resolucións aprobando as liquidacións dos orzamentos da Deputación de Pontevedra e dos seus organismos dependentes do exercicio de 2018.

17.—Queda enterado do informe de Intervención relativo ó grao de cumprimento dos requisitos dos investimentos financeiramente sostibles na liquidación do exercicio 2018.

18.—Queda enterado do informe de Intervención relativo á avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sustentabilidade financeira da Deputación de Pontevedra correspondente á liquidación do orzamento do exercicio 2018.

19.—Queda enterado de informe anual de Intervención sobre as resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados, principais anomalías detectadas en materia de ingresos e os informes de Intervención sobre resolucións ou acordos adoptados con omisión da función interventora.

20.—Queda enterado do informe de Intervención dos resultados do control das contas a xustificar e anticipos de caixa fixa.

21.—Queda enterado dos informes definitivos de Intervención do control financeiro de subvencións 2016.

22.—Queda enterado do informe de Intervención do resumo dos resultados do control interno (fiscalización, intervención e control financeiro).

23.—Queda enterado do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xaneiro de 2019.

24.—Queda enterado dos procedementos de emerxencia das obras no PQ 4+000 da EP-2908 Arcade-Amoedo (Soutomaior) e na EP-3004 Acceso á Igrexa de Caldelas-Tui PQ 0+500.

25.—Dar conta das Resolucións Presidenciais.

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- De extractos de Resolucións Presidenciais ditadas entre os días 26 de xaneiro e 26 de febreiro de 2019 e que foron trasladados ós Voceiros dos distintos grupos políticos.

26.—Rogos e preguntas: Formúlanse varios polo deputado Sr. Rodríguez Davila.

O Secretario,

Asdo. Carlos Cuadrado Romay

